

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2020/2021

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0180	2ª Lingua estranxeira-Francés	2020/2021	0	157	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FRANCISCO FROJÁN RIAL,MARGARITA VILA COBO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece información cotiá e profesional específica contida en discursos orais claros e sinxelos emitidos en lingua estándar, e identifica o contido global da mensaxe.
RA2 - Interpreta información profesional escrita contida en textos sinxelos e analiza comprensivamente os seus contidos.
RA4 - Elabora textos sinxelos e relaciona as regras gramaticais co seu propósito.
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características dos países dos países da lingua estranxeira.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Situouse a mensaxe no seu contexto profesional.
CA1.2 Captouse a idea principal da mensaxe.
CA1.3 Identificouse a información específica contida na mensaxe.
CA1.4 Identificouse a actitude e a intención da persoa interlocutora.
CA1.5 Extraéronse as ideas principais dunha mensaxe emitida por un medio de comunicación.
CA1.6 Identificouse o fio argumental dunha situación comunicativa presenciada.
CA1.7 Determináronse os papeis que aparecen nunha secuencia presenciada.
CA2.1 Fíxose unha lectura comprensiva de textos específicos do seu ámbito profesional.
CA2.2 Identificouse con precisión a terminoloxía utilizada.
CA2.3 Extraeuse a información máis salientable dun texto relativo á súa profesión.
CA2.4 Realizáronse traducións directas e inversas de textos específicos sinxelos, e utilizáronse materiais de consulta e dicionarios técnicos.
CA2.5 Interpretouse a mensaxe recibida a través de soportes telemáticos (correo electrónico, fax, etc.).
CA2.6 Relacionouse o texto co ámbito do sector a que se refira.
CA2.7 Léronse con certo grao de independencia textos de diversos tipos, adaptando o estilo e a velocidade de lectura, aínda que poida presentar algunha dificultade, con modismos pouco frecuentes.
CA4.1 Formalizouse información básica requirida en distintos tipos de documentos.
CA4.2 Elaborouse unha solicitude de emprego a partir dunha oferta de traballo dada.
CA4.3 Redactouse un breve currículo.
CA4.4 Formalizouse un texto dado con apoios visuais e claves lingüísticas achegadas.

Criterios de avaliación do currículo
CA4.5 Elaborouse un pequeno informe cun propósito comunicativo específico.
CA4.6 Redactouse unha carta comercial a partir de instrucións detalladas e modelos dados.
CA4.7 Realizáronse resumos breves de textos sinxelos relacionados co seu contorno profesional.
CA5.1 Definíronse os trazos máis significativos dos costumes e dos usos da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.
CA5.2 Describíronse os protocolos e as normas de relación social propios dos países da lingua estranxeira.
CA5.3 Identificáronse os valores e as crenzas da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.
CA5.4 Identificáronse en calquera tipo de texto os aspectos socioprofesionais propios do sector.
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social dos países da lingua estranxeira.
CA5.6 Recoñecéronse os marcadores lingüísticos da procedencia rexional.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA3 - Emite mensaxes orais sinxelas, claras e ben estruturadas, e relaciona o propósito da mensaxe coas estruturas lingüísticas adquiridas.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA3.1 Comunicouse utilizando fórmulas sinxelas, nexos e estratexias de interacción.
CA3.2 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.
CA3.3 Manifestáronse preferencias laborais no sector profesional.
CA3.4 Describiuse con relativa fluidez o seu contorno profesional máis próximo.
CA3.5 Estableceuse a secuencia das actividades propias dun proceso produtivo do sector profesional.
CA3.6 Realizáronse con claridade presentacións breves e preparadas sobre un tema dentro da especialidade.
CA3.7 Utilizáronse normas de protocolo en presentacións adaptadas ao seu nivel.
CA3.8 Respondeuse a preguntas breves complementarias relativas á profesión.
CA3.9 Intercambiouse información específica con fluidez, utilizando frases de estrutura sinxela.

### 3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

##### PRIMEIRA PARTE DA PROBA:

Esta parte divídese en tres bloques, comprensión oral, comprensión escrita e expresión escrita. Terá unha duración aproximada de 90 minutos.

Cada un destes bloques terá un valor de 10/30.

Para aprobar será necesario acadar un 15/30 nesta primeira proba.

##### SEGUNDA PARTE DA PROBA:

Consta de dúas partes.

A primeira é unha entrevista oral ao candidato na que se lle formularán unha batería de preguntas ás que terá que responder con soltura. Tratarase de preguntas sinxelas sobre a situación académica, profesional, lecer, etc..

A segunda parte consistirá nunha interacción oral co profesor, sobre cuestións da vida cotiá e sobre unha situación comunicativa do programa. O tema terá a ver co currículo do módulo. O candidato terá un tempo de preparación de 10 minutos.

Cada parte terá un valor de un 50% e haberá que acadar un 5/10 en cada unha delas.

#### CONTIDOS MÍNIMOS:

##### Comprensión oral:

-documentos orais de personaxes que se presentan, chamadas telefónicas a unha empresa onde a persoa que chama deixa un recado para unha terceira persoa.

-mensaxes que transmiten información no aeroporto, a bordo dunha aeronave, chegadas e saídas dun medio de transporte.

-documentos audio que reproducen a presentación dun programa de animacións, a resposta a unha solicitude de información telefónica e a reserva do establecemento hosteleiro.

-documentos audio que presentan diferentes situacións nas que se atopa un turista: promocións dun destino nunha feira internacional de turismo e informacións varias nunha oficina de turismo.

-documentos audio que recrean situacións de venta dun produto turístico e/ou a cancelación deste.

##### Comprensión escrita:

-Identificación da información específica de textos que utilizan o léxico dos alimentos e da terminoloxía hosteleira escritos en presente ou pasado.

-mensaxes telefónicas, curriculum vitae, ofertas ou demandas de traballo.

-mensaxes de benvinda .

-programa de animación e cartas profesionais.

-documentos escritos que presentan diferentes produtos turísticos (cruceiros, circuitos, talasoterapia, etc..).

-Textos que presentan o léxico do mobiliario arquitectónico e monumental, referencias históricas e estilos artísticos.

##### Expresión escrita:

-Elaboración por escrito dunha solicitude de emprego. Redacción dun c.v. Elaboración dun programa de animación a partir dunha solicitude previa.

Redacción dunha carta comercial formal.

##### Expresión oral:

-Formulación de preguntas básicas: onde, cómo, cando, por que,... Descrición oral dun c.v.; información turística (saber explicar a localización dun

local, falar de horarios, medios de transporte. Situacións nas que hai que enfrontarse a unha reclamación por parte dun cliente nun establecemento hosteleiro.

#### **4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento**

##### **4.a) Primeira parte da proba**

Terá tres partes diferenciadas:

- A. Comprensión oral: Consistirá nunha audición, que se repetirá únicamente outra vez, na que o candidato deberá responder por escrito às cuestións de comprensión que se lle pidan.
- B. Comprensión escrita: Os candidatos terán que responder por escrito a diferentes cuestións sobre un texto escrito para verificar o seu grado de comprensión.
- C. Expresión escrita. Consistirá na realización dun documento escrito do tipo dunha carta de reclamación, un c.v., un email solicitando unha información determinada, etc.

##### **4.b) Segunda parte da proba**

Nesta proba valorarase a capacidade do aspirante para expresarse oralmente en francés.

Nunha primeira fase o/a candidato/a deberá responder a unha serie de preguntas de temática aberta (por exemplo, sobre o tempo climatolóxico ou as cousas que fai no tempo libre).

Nunha segunda fase, tras un tempo de preparación de 10 minutos, deberán facer por parellas un diálogo que recree unha situación comunicativa do programa (por exemplo unha reclamación).